

## PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE VIAXES A PERSOAS DA TERCEIRA IDADE DO CONCELLO DE CUNTIS

De conformidade co establecido no artigo 47.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise público que o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 13 de outubro do 2005, acordou o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de organización de viaxes para persoas da terceira idade do Concello de Cuntis, que se rexerá polas seguintes normas de xestión:

### ***Primeiro. Obxecto.***

De conformidade co establecido no artigo 127 en relación co artigo 41 do R. D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de organización de viaxes para a 3ª idade, que cumpran os seguintes requisitos:

1. Residentes en Cuntis.
2. Maiores de 60 anos ou pensionistas maiores de 55 anos.
3. Valerse por si mesmos.

Non será de aplicación o requisito recollido no punto 2 anterior cando se trate de cónxuxes ou parellas de feito, suposto no que só debe cumprir a condición de idade un dos membros.

### ***Segundo. Obrigados ao pago.***

Están obrigados ao pago do prezo público recollido neste acordo quenes se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o punto anterior.

### ***Terceiro. Contía.***

A contía do prezo público regulado deste acordo será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.

Por razóns de interese social, benéficas e culturais, a tarifa deste prezo público representará o 40,54 por 100 do custo do servizo, queda fixada na seguinte contía:

Pola participación en viaxes organizadas polo Concello para persoas da 3ª idade	28,73 €/día /persoa
------------------------------------------------------------------------------------	---------------------

A tarifa anterior non inclúe o IVE do 16 por 100 que deberá repercutir a través da correspondente liquidación.

#### ***Cuarto. Obrigación de pago.***

A obrigación de pago do prezo público regulado neste acordo nace desde que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificados no punto terceiro anterior.

O pago efectuarase en réxime de autoliquidación no modelo que se recolle no documento anexo a este acordo e no momento en que se formule a solicitude de inscrición na viaxe correspondente.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.

#### ***Quinto. Destino e aplicación do prezo público.***

O rendemento do prezo público será integramente destinado a financiar os custos de organización das viaxes para persoas da 3ª idade.

#### ***Sétimo. Entrada en vigor.***

De conformidade co establecido no artigo 59.5. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación unha vez transcorra o prazo de 15 días hábiles aos que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co establecido no artigo 110 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 14 Do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto impugnando no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Transcorrido o prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa presentación, o recurso entenderase desestimado se non se dicta resolución en prazo.



Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse este recurso, podendo o interesado ou interesada interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de potestativo de